ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO TERCEIRO TRIMESTRE

EDUCACIÓN FÍSICA

Mario Jiménez López

C.R.A. de Rianxo – Curso 2019/ 2020

Este documento fai referencia ás ***Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia***, que no seu apartado 6 fai alusión á adaptación das programacións didácticas. Tal medida responde a una situación excepcional como é a vixencia do estado de alarma provocado pola pandemia do COVID-19 no terceiro trimestre do curso actual.

Estas adaptacións céntranse especialmente no proceso de avaliación e en todos os seus compoñentes así como na metodoloxía a desenvolver no terceiro trimestre.

No que ten que ver coa avaliación, a adaptación realizarase por área educativa nos distintos niveis das dúas etapas nas que actuamos (Infantil e Primaria) . A tal efecto, realizaranse adaptacións nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, instrumentos e criterios de cualificación. Estas adaptacións terán como finalidade poder avaliar ó alumnado do proceso educativo que se levou a cabo de maneira presencial, polo tanto serán excluídos da avaliación aqueles criterios e estándares que fagan referencia a procesos educativos que non se puideron levar a cabo ó longo dos dous primeiros trimestres, salvo que supoñan unha valoración positiva en beneficio do alumnado.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Na Educación Primaria a terceira avaliación virá determinada polos resultados que obtivo o alumnado nas dúas primeiras avaliacións, de tal maneira que o nivel acadado no momento da suspensión das clases presenciais será o que figurará na avaliación final. Así mesmo, poderanse ter en conta a realización das actividades propostas no terceiro trimestre sempre e cando poidan ser avaliadas de maneira obxectiva e sexa un resultado favorable para o alumnado. Para iso empregaranse os instrumentos de avaliación que se estableceron no punto 10 da programación didáctica.

A flexibilización dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para o 1º nivel e o 2º nivel de Educación Primaria é a seguinte:

<De cor vermella aparecen os criterios e estándares que se suprimen>

PRIMEIRO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable
Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC	Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	Participa activamente nas actividades propostas.
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.	Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	Coñece e identifica as partes do corpo propias
Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
	Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
	Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
	Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
	Equilibrar o corpo en distintas posturas

	intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
	Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
	Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
	Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
	Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía
	Adopta hábitos alimentarios saudables.
	Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
	Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando
	Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.
	Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
	Practica xogos libres e xogos organizados.
	Recoñece xogos tradicionais de Galicia
	Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
	Realiza actividades no medio natural.
	Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

SEGUNDO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios
Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras	Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais	Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións	Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.	Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade
	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
	Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.
	Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.
	Iníciase no equilibrio dinámico
	Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta.
	Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa

	orientación espacial.
	Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.
	Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.
	Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacia
	Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración
	Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
	Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
	Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
	Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
	Adopta hábitos alimentarios saudables.
	Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.
	Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
	Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.
	Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición
	Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.
	Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.
	Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas
	Realiza actividades no medio natural.
	Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.